



# MEMORIA DE ACTIVIDADES

# 2017





## 1. AVANZAR: Asociación de persoas con discapacidade do Umia – Ulla.


É unha Asociación fundada no ano 2008 por un grupo de persoas con discapacidade pertencentes á Comarca de Caldas, coa fin primordial de influír nesta zona, facilitando e favorecendo ao colectivo de persoas con discapacidade a plena Integración, en todos os ámbitos da sociedade.

Dende a súa fundación ata o momento, experimentou unha notable evolución, tanto en iniciativas, como en prestacións non só aos seus asociados senón a calquera persoa con discapacidade que se achega á asociación e as súas familias.

A oferta dos diferentes servizos que presta "AVANZAR", ten como obxectivo o poder chegar á plena totalidade da poboación discapacitada dos diferentes Concellos nos que desenvolve a súa labor social, en beneficio de toda persoa con discapacidade, alí onde queira que esta se atope.

Neste intre, a asociación está integrada por 70 socios/as e segue a traballar na busca de novas incorporacións.

O ámbito de actuación da asociación é a Comarca de Caldas, formada polos Concellos de Caldas de Reis, Catoira, Valga, Moraña, Cuntis, Pontecesures e Portas.



## 2. MISIÓN E VISIÓN DA ENTIDADE

"AVANZAR" ten como *misión* conseguir a plena inclusión das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

"AVANZAR" ten como *visión* unha entidade consolidada e amplamente recoñecida pola sociedade en xeral, polos seus valores, compromiso e liderado nas metodoloxías de traballo e na procura da excelencia nas actuacións dirixidas ao grupo social de persoas con discapacidade.



### 3. FINS ESTATUARIOS

Os fins principais de "AVANZAR" son:

1. Acadar unha sociedade onde o grupo social das persoas con discapacidade poidan gozar dos seus dereitos en condicións de igualdade real, co máis absoluto respecto á súa dignidade e diversidade.
2. Defensa do dereito a un xeito de vida e a un entorno social que garanta a vida independente e o desenvolvemento autónomo de toda persoa con discapacidade.
3. A defensa dos dereitos e liberdades das persoas con discapacidade severa ou de gran dependencia, así como a promoción da súa integración e participación activa na sociedade.
4. Promover a plena integración escolar, laboral e social das persoas con discapacidade.
5. Crear as condicións para que os seus socios/as poidan cumprir axeitadamente a misión.
6. Promover actitudes sociais positivas cara a persoa con discapacidade.
7. Promover a lexislación axeitada que mellore a situación do colectivo.
8. Orientar, coordinar e impulsar o movemento asociativo con criterios de solidariedade.
9. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas da discapacidade.
10. Representar aos seus membros no ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional.
11. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servizos.
12. Promoción e desenvolvemento persoal e social da muller con discapacidade, loitando pola súa igualdade de oportunidades na esfera social.
13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da infancia e a xuventude.
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención das persoas maiores.
15. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
16. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do voluntariado social.



17. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
18. Promover e pór en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con discapacidade.
19. Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuír ao cumprimento da misión da "AVANZAR" ou redundar no beneficio das persoas con discapacidade.

#### 4. XUNTA DIRECTIVA

A Xunta Directiva da Asociación "AVANZAR" está composta polos seguintes membros:

- Presidenta: M<sup>a</sup> Jesús Maquieira Velay.
- Vicepresidenta: Begoña Piñeiro Castaño.
- Secretaria: Jesús María Seoane García
- Tesoreira: Inmaculada Romero Pandelo.
- Vogais:
  - 1º. Carmen Rey Casal.
  - 2º. Sara Rey Casal.
  - 3º. José Santos Iglesias.

#### 5. RECURSOS ECONÓMICOS

A asociación, de recente creación, utilizará diferentes vías de financiación para sufragar os gastos derivados do seu funcionamento: persoal, programas e actividades, transporte, etc.

A colaboración económica solicitarase tanto á Administración Autonómica, como ás diferentes administracións locais do ámbito de actuación de "AVANZAR" e a entidades privadas (obras sociais, fundacións, etc.). Unha pequena parte dos ingresos procederán de recursos propios a través da cota anual dos socios.



## 6. COLABORACIÓN E/OU PERTENZA A AVANZAR

“AVANZAR” constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte todas as persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de “AVANZAR” na defensa da plena integración das persoas con discapacidade.

### TIPOS DE SOCIOS/AS:

#### **Socios de número**

- a. As persoas con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do dereito.
- b. As persoas con discapacidade menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento, documentalmente acreditado, dos seus pais ou titores.
- c. Os pais, titores ou representantes legais en representación dos menores de idade ou incapaces.
- d. Persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade, tendo que vir avalado por dez socios de “AVANZAR” non podendo acadar un número superior a un 20 por cento da totalidade dos socios de dereito.

#### **Socios/as de Honra e Colaboradores/as**

- a) Poderán ser nomeados socios/as de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de “AVANZAR” e do colectivo que representa.
- b) Os colaboradores/as serán todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con “AVANZAR” mediante a súa participación ou mediante achegas económicas.

A 31 de decembro de 2017, a asociación conta con **43 persoas asociadas**. 20 homes e 21 mulleres

## 7. LOCALIZACIÓN

O domicilio social de “AVANZAR” está situado na Casa da Cultura "Blanco Torres", Praza das Árbores, s/n Baixo, 36670 Cuntis, Pontevedra.

Email: [avanzar\\_umia\\_ulla@hotmail.com](mailto:avanzar_umia_ulla@hotmail.com)



## 8. HORARIO E LUGAR DE ATENCIÓN

As persoas que se acerquen ata a sede de "AVANZAR", son atendidas inicialmente polas persoas membro da Xunta Directiva.

	<b>CUNTIS</b>	<b>CALDAS DE REIS</b>
<b>LUGAR</b>	Centro Sociocultural "Xosé Raído Patelas"	Fogar do Maior
<b>HORARIO</b>	Os mércores de 11:00 a 13:00	Luns de 11:00 a 13:00

## 9. REXISTRO

A asociación está inscrita no Rexistro de Asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co número 2009/012743-1 (PO).

Inscrita no Rexistro de entidades prestadoras de servizos sociais co número: E-2327.

"AVANZAR" ten previsto inscribirse en todos aqueles rexistros de asociacións que sexan de interese para a asociación nas diferentes administracións (autonómica e locais do seu ámbito de actuación).

## 10. FEDERACIÓN

Esta entidade dende o ano 2010 é asociación membro de COGAMI PONTEVEDRA, Federación Provincial de Persoas con Discapacidade da Provincia de Pontevedra.



## 11. SERVICIOS E ACTIVIDADES

“AVANZAR” puxo en funcionamento unha serie de servizos e programas dirixidos a ofrecer ao colectivo de persoas con discapacidade e ás súas familias opcións de mellora da súa calidade de vida.

Co fin de conseguir este obxectivo “AVANZAR” oferta as seguintes actividades e servizos:

- **Servizo de Información e Asesoramento:** Este servizo está orientado a ofrecer información e asesoramento de temas relacionados coa discapacidade tanto ao colectivo de persoas con discapacidade coma ós familiares, administracións públicas, empresas, etc.
- **Servizo de Intermediación Laboral:** En colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade, xa se está a desenvolver este servizo nos diferentes concellos ámbito de actuación de “AVANZAR”. Para iso as profesionais correspondentes desprázanse ós puntos de atención habituais para atender as demandas das persoas usuarias da asociación e de tódalas persoas en xeral que teñan recoñecido algún tipo de discapacidade.
- **Formación non regrada:** Cursos de Informática Básica e Avanzada, Programas de Desenvolvemento persoal e obradoiros de diferentes temáticas que veñen determinadas pola demanda das persoas usuarias.
- **Coidado da saúde a través de programas específicos formativos e informativos:** tales como natación terapéutica, fisioterapia, ximnasia, ... e tamén charlas dirixidas á adquisición de hábitos de vida saudables.
- **Información e Sensibilización Social:** a través de charlas nos colexios e institutos de formación dos concellos que compoñen a Comarca de Caldas. Celebración do día da Discapacidade.
- **Actividades de Ocio e Tempo Libre e Actividades Culturais:** Programación de excursións e saídas culturais e educativas, así como desenvolvemento de pequenos obradoiros culturais (obradoiro de animación á lectura, obradoiro de poesía, etc.).

## 12. ACTIVIDADES 2017

### ➤ Taller de elaboración de produtos de coiro

Neste taller elabóranse diferentes produtos en coiro e se aprenden novas técnicas para traballar este material, de cara á realización de artigos para a súa venda. O recadado coa venda dos mesmos, a asociación os inverte en material para a continuidade do taller e outras actividades da asociación.



Neste taller, participaron: **13 persoas** (5 homes e 8 mulleres)

### ➤ Participación na Feira do Lacón con Grelos de Cuntis:

Instalación dun stand informativo e de venda de produtos de coiro, elaborados por persoas asociadas, de cara a recadar fondos para a realización de actividades da asociación.



### ➤ CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN

A asociación, realizou actividades de Sensibilización, no C.P.I. Marcelino Rey García (Cuntis), contando este ano coa participación da asociación ASOTRAME (asociación de transplantados de medula).

Nesta actividade participan preto de **700** rapaces e rapazas de idades comprendidas entre os 4 e os 15 anos.





No mes de maio, membros da Asociación Avanzar participaron na semana cultural coa súa Campaña de sensibilización, mostrando que entre todos, si queremos, podemos.

Participamos por terceiro ano consecutivo no INS Plurilingüe As Bizocas do Grove ensinándolles a facer pulseiras de coiro os rapaces, e logo cada un deles levouna de recordo, logo tivemos un xantar cos profesores de este instituto para coñecernos mais i todos quedamos moi ledos coa experiencia como en anos atras,...



## ➤ OCIO E SAÚDE

- Participación na semana de Termalismo, subvencionada pola Deputación de Pontevedra e organizada pola Federación de COGAMI Pontevedra, na que participamos 25 persoas asociadas.



- Participación na semana de Vela Adaptada, entre o 18 e o 22 de setembro, ambos incluídos, no que recibimos clases teóricas e prácticas, obtendo un novo diploma neste mundo tan fermoso como é o da Vela.



- Este verán membros da asociación, participaron nunha saída de Lecer organizada por COGAMI, a bordo do veleiro Laion, dende Portonovo que foi moi grata para todas as persoas participantes.



- O 10 de xuño, 40 das persoas socias desta entidade, desfrutaron dunha excursión polos Canóns do Sil, visitando a Alfarería de Gundivós e a bodega da denominación de orixe Ribeira Sacra. Tamén puidemos desfrutar dunha ruta en catamarán polos Canóns, con saída dende Doade e visitando os viñedos ata Amandi.



- Sesión de termalismo, o 24 de maio, invitados polo Balneario Termas de Cuntis, na cal participamos 30 persoas asociadas.



## ➤ **ACTIVIDADES ASOCIATIVAS**

- Reunións.

Durante o ano 2017 celebráronse reunións da Xunta Directiva os días 25 de Xaneiro, 31 de maio, 27 de setembro e 20 de Decembro co fin de organizar actividades, avaliar o desenvolvemento das mesmas, etc.

O día 22 de marzo, tivo lugar a Asemblea Xeral de AVANZAR na Biblioteca de Cuntis, á que asistiron preto dunhas 20 persoas asociadas e nela púxose en coñecemento dos mesmos as actividades desenvolvidas ó longo do 2016 e o balance económico correspondente a ese mesmo ano.

- Asemblea Federación COGAMI-Pontevedra.

Como ven sendo habitual celebrouse en Vigo a Asemblea Xeral da Federación COGAMI-Pontevedra. Esta tivo lugar o 17 de xuño e nela participou a persoa representante da asociación.



# INFÓRME ECONÓMICO

## 2017

**ASOCIACION AVANZAR**  
**CONTA DE RESULTADOS ABREVIADA CORRESPONDENTE AO**  
**EXERCICIO REMATADO O 31 DE DECEMBRO DE 2017**

	NOTAS DA MEMORIA	(Debe) Haber	(Debe) Haber
		2.017	2.016
<b>A) EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
<b>1. Ingresos da entidade pola actividade propia</b>	13	<b>1.615,23</b>	<b>1.404,00</b>
a) Cotas de afiliados e usuarios		516,00	519,00
b) Aportacións de usuarios		268,23	0,00
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións		831,00	285,00
d) Subvencións, doazóns e legados imputados ao excedente do exercicio		0,00	600,00
e) Reintegro de axudas e asignacións		0,00	0,00
<b>2. Gastos por axudas e outros</b>		<b>-45,60</b>	<b>-79,57</b>
a) Axudas monetarias		0,00	0,00
b) Axudas non monetarias		0,00	0,00
c) Gastos por colaboracións e de órgano de goberno		-45,60	-79,57
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados		0,00	0,00
<b>3. Variación de existencias de produtos rematados e en curso de fabricación</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>5. Aprovisionamentos.</b>	13	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>6. Outros ingresos da actividade</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>7. Gastos de persoal</b>	13	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
a) Soldos, salarios e asimilados		0,00	0,00
b) Cargas sociais		0,00	0,00
c) Provisións		0,00	0,00
<b>8. Outros gastos da actividade</b>	13	<b>-2.768,81</b>	<b>-1.634,39</b>
a) Servizos exteriores		-2.768,81	-1.634,39
b) Tributos		0,00	0,00
c) Perdas, deterioro e variación de provisións por operacións comerciais.		0,00	0,00
d) Outros gastos en xestión corrente		0,00	0,00
<b>9. Amortización do inmovilizado</b>	5	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>10. Subvencións, doazóns, e legados de capital traspasados ao excedente do exercicio</b>	14	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>11. Exceso de provisións</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>12. Deterioro e resultado por enaxenacións do inmovilizado</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A.1) EXCEDENTE DA ACTIVIDADE</b>	3	<b>-1.199,18</b>	<b>-309,96</b>
<b>13. Ingresos financeiros</b>		0,00	0,00
<b>14. Gastos financeiros</b>		0,00	0,00
<b>15. Variación do valor razoable en instrumentos financeiros</b>		0,00	0,00
<b>16. Diferenzas de cambio</b>		0,00	0,00
<b>17. Deterioro e resultado por enaxeacións de instrumentos financeiros</b>		0,00	0,00
<b>A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS</b>		<b>-1.199,18</b>	<b>-309,96</b>
<b>18. Imposto sobre beneficios</b>		0,00	0,00
<b>A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECONOCIDO NO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>-1.199,18</b>	<b>-309,96</b>
<b>PATRIMONIO</b>			
<b>1. Subvencións recibidas</b>		<b>0</b>	<b>600,00</b>
<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>			
<b>3. Outros ingresos e gastos</b>			
<b>4. Efecto impositivo</b>			
<b>B.1) VARIACION DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO</b>		<b>0</b>	<b>600,00</b>
<b>C) RECLASIFICACIÓN AO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>			
<b>1. Subvencións recibidas</b>		<b>0</b>	<b>-600,00</b>
<b>2. Doazóns e legados recibidos</b>			
<b>3. Outros ingresos e gastos</b>			
<b>4. Efecto impositivo</b>			
<b>C.1) VARIACIONES DO PATRIMONIO NETO POR RECLASIFICACIONES AO EXCEDENTE DO EXERCICIO</b>		<b>0</b>	<b>-600,00</b>
<b>D) VARIACIONES DO PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS INMUTADOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO</b>		<b>0</b>	<b>0</b>
<b>E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIOS</b>			
<b>F) AXUSTES POR ERROS</b>			
<b>G) VARIACIONES NA DOTACIÓN FUNDACIONAL OU FONDO SOCIAL</b>			
<b>H) OUTRAS VARIACIONES</b>			
<b>I) RESULTADO TOTAL, VARIACION DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO.</b>		<b>-1.199,18</b>	<b>-272,52</b>

As notas que se achegan na memoria forman parte desta Conta de Resultados

## FINANCIADORES



Concello de Cuntis

Temen colaboraron con nós de forma desinteresada:

Balneario




TERMAS DE CUNTIS



**COGAMI**

FEDERACIÓN DE PONTEVEDRA

Federación COGAMI-PONTEVEDRA



## PLANIFICACIÓN DE ACTIVIDADES ASOCIACIÓN “AVANZAR” 2018

- Procura de financiación para a adquisición de material para o taller de coiro.
- Continuación do taller de coiro.
- Venda de produtos do taller de coiro na festa do Lacón con Grelos en Cuntis.
- Venda de produtos de coiro na festa do Lacón con Grelos en Cuntis, feitas por membros da asociación para recadación de fondos.
- Campaña de sensibilización no colexio de CPI Marcelino Rey García de Cuntis.
- Programación de excursións, segundo as solicitudes das persoas asociadas.
- Sesión de Termalismo no Aquaforum de Termas de Cuntis.
- Campañas de captación de socios/as
- Colaboración co I.N.S. Plurilingüe as Bizocas do Grove.
- Realización de algún curso de interese para as persoas asociadas.
- Colaboración co I.N.S de Sanxenxo.
- Continuar participando nas actividades do Laión.
- Participación no curso de Vela adaptada no Club Náutico de Sanxenxo.